

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 \* 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

## *Ensalmo para curar o fogosalvo*

Lázaro en una fuente estaba,  
cuantos gritos y berros daba.

□Lázaro, ¿Tú qué haces ahí?

□Aquí estoy lleno de zázaro y sarampión,  
fogosalvo y saltón.

□Pues Lázaro, dale con un cerbal, cinza  
e carbón de tras o lar,  
sal de la mar,  
agua de una fuente planar  
para que non medre  
non creza nin xunte  
o rabo coa cabeza  
nin faiga cousa  
que mal pareza.

Educación (USC). Curso 2001-2002.

**Informante:** Gumerinda Franco Rivera (82 anos).

**Lugar e data de recollida:** Tiquión, As Somozas (A Coruña). 16 de xuño de 2002.

**Proxecto:** Documento extraído do traballo de investigación da autoría da recompiladora para a asignatura □Literatura galega de transmisión oral□ impartida polo profesor Armando Requeixo, curso 2001-2002.

---

(O fogosalvo) É unha inflamación cutánea producida por un virus que se estende pola pel.

Manífestase pola aparición dunhas pequenas ampolas, que forman unha carapela cando secan.

Esta doença adoita confundirse con outras de índole cutánea como o □fogardente□, a □fogaxe□, o □eccema□, o □salvaxe□ etc. As más das veces adoita identificarse co herpes zóster, que é unha infección causada polo mesmo virus que o da varicela. Adoita manifestarse por unhas ampoliñas moi dolorosas, que forman unha especie de serpe ou culebrilla, acepción popular da doença.

**José Manuel Blanco Prado** (2010), «As doenças relacionadas coa boca, coa hernia infantil e coa pel na provincia de Lugo. Ensalmos e rituais etnomédicos (III)», en Croa, Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, nº 20, pág. 64-85

*El vulgo conoce con este nombre a unos granos que aparecen en la cara, piernas, brazos o por el cuerpo en general, indoloros y que producen supuración. Levantan la piel, dejándola □escarapelada□ y desprendiendo caspa.*

**Víctor Lis Quibén** (1980), *La medicina popular en Galicia*, Akal, Madrid.

